

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

DO 25 AO 27 DE NOVIEMBRE

Conversas con... Fran Alonso e presentación de "Mals de cap" en Cataluña

Comeza o ciclo organizado para dar a coñecer escritores galegos en Cataluña e preséntase a tradución ao catalán de *Males de cabeza*.

Redacción - 08:00 20/11/2007

Cadrando coa presentación da tradución ao catalán de *Males de cabeza*, entre o 25 e o 27 de novembro ten lugar un intenso programa de conferencias e charlas de [Fran Alonso](#). Con estes actos ábrese o ciclo *Conversas con...*, organizado por [Filologies Gallega i Portuguesa](#) da UB, o Lectorado de Galego da [UAB](#) e mais a [AELG](#) para dar a coñecer escritores galegos entre a comunidade universitaria e os lectores de Cataluña.

Nas súas intervencións nas universidades Fran Alonso céntranse na experiencia da escrita e a relación do autor co seu tempo e está previsto un encontro cos lectores do club de lectura do Centro Galego de Cerdanyola sobre *Males de cabeza*. Así mesmo participa na presentación no [Saló del Llibre](#) de Barcelona da tradución ao catalán de *Mals de cap*. Publicado por [El Cep i la Nansa](#), a súa tradutora, Fina Iglesias, acadou unha axuda á tradución da Institució de les [Lletres Catalanes](#). Todas as actividades están abertas ao público interesado.

Fran Alonso (Vigo, 1963), narrador e poeta, é autor de libros como *Males de cabeza* (2001) e *Subversións* (2001). Interesado tamén pola literatura infantil e xuvenil, preparou unha antoloxía da poesía galega para lectores mozos titulada *Poetízate* (2006), que tivo unha boa acollida por parte da crítica e dos lectores e *Cartas de amor* (2007). Colabora de xeito habitual en xornais galegos e mantén un blog, [Cabrafanada](#).

Presentación de *Mals de Cap*, editado por El Cep i la Nansa, coa participación do autor, Fran Alonso, o editor, Francesc Mestres, e a tradutora, Fina Iglesias.

Domingo 25 novembro 2007, 11:30

Saló del Llibre de Barcelona

Fira de Barcelona, Espazo Alexandria, Pavelló 1, Stand B025, Montjuïc- Barcelona

Escribir amordazado, conferencia de Fran Alonso

Luns 26 novembro 2007, 10:00

Ed. Josep Carner, Aula 0.1

Facultat de Filologia, Universitat de Barcelona
c/ Aribau, 2 – 08007 Barcelona

Coloquio sobre *Males de cabeza* no Club de Lectura do Centro Galego de Cerdanyola, coa participación do autor

Luns 26 novembro 2007, 19:30

Centro Galego de Cerdanyola

c/ Picasso, 2-4 –08290 Cerdanyola del Vallès

O escritor e a obra ante o seu tempo, conferencia de Fran Alonso

Martes 27 novembro 2007, 15:00

Facultat de Lletres, Aula 106

Universitat Autònoma de Barcelona

08193 Bellaterra

Novas relacionadas

- [Fina Iglesias verterá ao catalán "Males de cabeza", de Fran Alonso](#)